



# Compartir é a nosa maior riqueza

## CAMPAÑA DE MANS UNIDAS 2025

A campaña de Mans Unidas, xesto de esperanza ante as moitas necesidades simbolizadas pola fame, sitúase este ano no marco do Xubileu romano ordinario de 2025, no que a Igrexa convídanos a todos a vivir e a ser precisamente “peregrinos de esperanza” no medio do mundo.

A esperanza nace en nós pola experiencia do amor e a entrega de Xesús, o Señor por nós; e a certeza deste amor, do que nada poderá separarnos xamais (cf. Rm 8,38-39), faina inquebrantable.

O Señor quixo participar da nosa carne e sangue, coñecer a tentación do sufrimento e o peso do pecado. Este compartir seu connosco, que non se detivo ante a morte, é a nosa maior riqueza: vivimos na fe no Fillo de Deus, que nos amou e entregouse por nós (cf. Ga 2,20). Saber que non estamos sós, admirarnos ao percibir de novo a caridade que resplandece na humanidade de Xesús, na que nos fala e se expresa Deus mesmo, fainos camiñar con esperanza.



O amor infinito de Deus revelou-se como un compartir, un querer estar connosco para sempre, todos os días, sen que o deteñan os abaixamentos, os sufrimentos, as ingratitudes que nos son propias. A súa expresión máis plena é darnos participación no seu Corpo e Sangue. Este é o corazón da nosa fe, como confesamos nesta Diocese de Lugo, na que a Eucaristía está exposta desde tempo inmemorial no altar maior da Catedral como signo da verdadeira fe.

O Señor comparte connosco o seu Corazón, o seu Espírito, para que alente tamén en nós. Para que podamos facer noso o seu Amor, vivindo con realismo pleno unha caridade que significa compañía próxima, poñer en común o propio, entrega de si polo ben do outro. Esta é a raíz dunha vida que non será derrotada, a pesar da fragilidade da nosa persoa, dos límites das nosas forzas e da nosa gran necesidade de perdón. Pois a caridade non pasará nunca (1Co 13,8) e foi derramada nos nosos corazóns (Rm 5,5).

De modo que xa agora podemos dicir: "Son amado, logo existo; e existirei por sempre no Amor que non defrauda e do que nada nin ninguén poderá separarme xamais" (Francisco, Bula *Spes non confundit*, 21).



Realmente, compartir é a nosa maior riqueza: o compartir do Señor connosco, que nos enriquece para sempre, e o noso propio compartir cos demais, pola participación no seu Espírito de vida.

O lema da campaña de Mans Unidas lémbra-nos así as verdades máis queridas do corazón: a gratitude polo Amor do Señor, que non se avergoña de chamarnos irmáns (Hb 2,11), polo don do seu Espírito e por querer que, ao seu xeito, a lei da nosa vida sexa tamén a caridade, máis grande canto menos se enaltece a si mesma e máis se achega ao outro, canto máis coida da súa dignidade, da súa persoa e das súas necesidades, canto máis se entrega para vir no seu auxilio.

Agradecemos a Mans Unidas que unha vez máis nos dea ocasión de lembrar estas verdades tan luminosas, que o noso mundo non parece comprender: a caridade, o compartir é nosa maior riqueza.

E a caridade vivida, o compartir realizado permanecerá para sempre, será camiño verdadeiro de humanidade, sostendo a esperanza dos nosos contemporáneos, dos necesitados en corpo e alma, e a nosa en primeiro lugar.

**+ ALFONSO,  
BISPO DE LUGO**